



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

Asunto: Autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais.  
Proposta de autorización.

## RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

En data 30 de 2015, aprobouse o expediente para a autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais. Asemade, aprobáronse na mesma data os pregos de condicións técnicas e de condicións do outorgamento da concesión e dispúxose a publicación de anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Logo da publicación do correspondente anuncio, o prazo de presentación de solicitudes rematou o día 3 de xuño de 2015. Examinada a documentación da única solicitude recibida e da subsanación realizada, resulta ser conforme co esixido nos pregos que rexen esta autorización.

Segundo o establecido no prego de condicións administrativas, a proposta de autorización aprobarase pola Concelleira de Protección Cidadá, Servizos e Festas, e comunicarase á persoa a cujo favor pretenda outorgarse. A persoa proposta disporá dun prazo non superior a 5 días hábiles desde o seguinte á publicación da proposta de adxudicación na páxina web do Concello para achegar a documentación mencionada na cláusula 7, apartado b) do prego de condicións. Asemade, ante a existencia dun erro no guión relativo á garantía, recórdase que a contía correcta é a que aparece no apartado 8, "Garantía definitiva".

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local, RESOLVO:


Primeiro.- Propor a autorización para a ocupación de dominio público para a prestación da actividade de cars a pedais, segundo o establecido nos pregos que rexen esta autorización, a dona Inés Méndez Duarte.

Segundo.- Publicar anuncio desta proposta na páxina web do Concello, e conforme ao establecido no prego de condicións, comunicarilo a dona Inés Méndez Duarte telefónicamente.

Terceiro.- Conceder un prazo non superior a 5 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación da proposta de adxudicación na páxina web do Concello, a dona Inés Méndez Duarte para achegar a documentación mencionada na cláusula 7, apartado b) do prego de condicións, recordándolle que a contía correcta da garantía a presentar é a que aparece no apartado 8 do prego de condicións, "Garantía Definitiva".

Pontevedra, 18 de xuño de 2015  
A Concelleira de Protección Cidadá,  
Servizos e Festas

Maria Carme da Silva Méndez



Doufe, o Secretario da Admón. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro